

Costa da Morte — Finisterre



Noia

Muros

Carnota

Ézaro
(Fervenza do Xallas)

Coreubión

Finisterre

Noia

#Inevitable

Do mesmo xeito que a zona antiga de Muros, a de Noia tamén é digna de admirar polo seu centro histórico que, sen dúbida, ten un estilo medieval. Situada en plena Ría de Muros e Noia, destaca a Igrexa de Santa María, un auténtico museo ao aire libre onde se poden observar centos de laudas gremiais (“lápidas”) talladas á man.

[Como chegar](#)



Muros

#Recomendable

Dos centros históricos mariñeiros mellor conservados de Galicia, patrimonio histórico artístico e entrada natural á Costa da Morte.

[Como chegar](#)

Carnota

#Curioso

Son dúas cousas as que definen Carnota e que teñen en común unhas grandes dimensións. Por unha banda, un característico hórreo de 35 metros de lonxitude e unha das praias máis grandes de Galicia, a Praia de Carnota, con case 7 quilómetros de fina area.

[Como chegar](#)



Ézaro

(Fervenza do Xallas)

#Sobrecolledor

Temos no Ézaro uno dos fenómenos menos comúns de Europa: un río que desemboca no mar en forma de fervenza. É o río Xallas o afortunado de terminar o seu curso no Atlántico. Podemos alugar unhas canoas e observala desde a auga, ou subir ao miradoiro do Ézaro e contemplar unha panorámica desde o Monte Pindo.

[Como chegar](#)

Coreubión

#Se queda tempo

É unha das primeiras paradas da Costa da Morte se empezamos desde a Ría da Estrela. O seu porto, destruído polas forzas do exército de Napoleón, xunto co paseo marítimo, é un dos principais atractivos turísticos; pero non deixamos de recomendar que vos acheguedes aos cantís para gozar da Costa da Morte en estado puro.

[Como chegar](#)



Finisterre

#Impreseedible

Finisterrae, como lle chamaban os romanos, que significaba, literalmente, o fin da terra. É tamén a última parada para os peregrinos que, tras chegar a Santiago, deciden continuar ata este punto. O seu faro, aberto ao Atlántico, é o punto ideal para gozar dunha marabillosa posta de sol.

[Como chegar](#)

Degustar

Rte. Mar da Vila (Noia)

Bonita terraza. Curiosa receita do polbo con pipas.

981 820 248

 [Como chegar](#)

Rte. Fontevella (Caldebarcos—Carnota)

Cultura polo fresco sen espaventos. Moi boas ameixas con polbo e robalizas espectaculares.

981 760 304

 [Como chegar](#)

Rte. Tira do Cordel (Finisterre)

Un clásico ao que a fama non lle sentou do todo ben, a pesar de que segue tendo bo pescado e marisco. Está situado na praia da Langosteira. E segue merecendo a pena. Vixien os prezos e os pesos.

info@tiradocordel.com
tiradocordel.com
981 740 697

 [Como chegar](#)

Rte. O Fragón (Finisterre)

Excelente restaurante e servizo. Cociña de produto da zona reinterpretada ao xeito contemporáneo. Vale a pena.

ofragonrestaurante@gmail.com
www.ofragon.es/es
981 740 429

 [Como chegar](#)

Mapa da excursión

